

CLAVES DA NOVA LEI DE AUTÓNOMOS

Amplíase a tarifa plana de 50 euros e fíxanse desgravacións por gastos de manutención.

Entre as medidas que recolle a nova Lei de Autónomos figuran as seguintes:

Medidas para emprendedores

1.- Idea central de modificación na cotización

- Amplíase a tarifa plana de 50 euros a un ano para novos autónomos ou aqueles que non o foron nos dous últimos anos.
- Os emprendedores poderán optar de novo a esta tarifa plana pasados tres anos desde que a gozaron se volven a reemprender.
-
- Aplícanse melloras para os emprendedores con discapacidade.
- As bonificacións da tarifa plana esténdense ata os 24 meses. Os seis seguintes aos doce de tarifa plana de 50 euros, bonifícase ao 50% e os últimos 6 ao 30%.

2.- Medidas fiscais

- Redúcense as recargas por atraso nos pagos á Seguridade Social á metade, pasando do 20% ao 10% no primeiro mes.
- Os autónomos poderán deducirse un 30% dos gastos de subministracións, como a auga, a luz e telefonía, sempre que se traballe desde casa.
- Poderanse deducir 26,67 euros diarios no IRPF por gasto en comida, cando afecta directamente á actividade en territorio español. No estranxeiro ascende a 48€.

3.- Cotizacións sociais

- Os autónomos só pagarán desde o día efectivo que se dan de alta ou de baixa no RETA e non todo o mes como ata agora.
- Os autónomos poderán darse tres veces de alta e de baixa no mesmo ano.
- Os autónomos poderán cambiar ata catro veces no mesmo ano a súa base de cotización, en función dos seus intereses e ingresos.
- Devolverase o exceso de cotización dos traballadores con pluriactividade sen que teñan que solicitala.
- Un autónomo poderá cobrar o 100% da pensión e seguir traballando se teñen polo menos un traballador ao seu cargo.
- A cota dos autónomos societarios xa non subirá automaticamente en función do que se eleve o salario mínimo interprofesional, senón que dependerá do que se determine nos orzamentos xerais do Estado (PGE), despois de negocialo coas asociacións de autónomos máis importantes.

4.- Conciliación

- Estableceuse unha tarifa plana de 50 euros de cota para as nais que reemprendan antes dous anos desde que cesou o seu negocio por maternidade, adopción, acollemento, etcétera. É unha excepción para que non teñan que esperar a cumprir dous anos desde que foron autónomas por última vez para poderse acoller á tarifa plana como o resto.
- Os autónomos que sexan nais/pais estarán exentos de pagar cota durante o período de baixa por maternidade/paternidade, adopción, acollemento, etcétera.
- Aprobouse a exención do 100% da cota de autónomos durante un ano para o coidado de menores ou dependentes.

5.- Contratación

- Facilitase a contratación aos fillos discapacitados dos autónomos.
- A contratación indefinida por parte do traballador autónomo como traballadores por conta allea do seu cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, bonifícase as continxencias comúns o 100% un período de 12 meses. Para poder acollerse a esta bonificación será necesario que o traballador autónomo non extingue contratos de traballo e manter o contrato polo menos seis meses.

6.- Outras medidas

- Os traballadores por conta propia poderán acceder a unha formación adaptada ás súas necesidades, co fin de mellorar a súa competitividade e consoliden a súa actividade empresarial.
- Recoñécese o accidente in itinere (é dicir, de ida ou de volta ao posto de traballo) nos profesionais autónomos, sempre que non coincida co seu domicilio.
- Mellórase a formación en prevención de riscos laborais nos profesionais autónomos.
- As organizacións de autónomos máis importantes e representativas pasan a considerarse de “utilidade pública”.
- As organizacións tamén contarán cun ano de prazo para entrar no CES e para a constitución do Consello do Traballo Autónomo.